



Seminarios formativos Agantro 2023

NOVAS FERRAMENTAS PARA FACER ANTROPOLOXÍA HOXE

OBRADOIROS PRESENCIAIS NA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E FERROL

DATAS:

5 de setembro, 6, 13 e 20 de outubro de 2023

Inscripción en:

<https://i.gal/Agantro2023>

Para máis información:

agantro@gmail.com

PRAZAS LIMITADAS


Para poder asistir aos seminarios é necesaria a inscrición previa.

Organiza:



Actividade subvencionada pola
Deputación da Coruña





Vivimos tempos convulsos que demandan novas formas de implicación. A aceleración da mudanza social e a incerteza de enfrontarse a novas realidades e retos culturais e sociais fan que nos preguntemos sobre a limitación dos métodos de investigación tradicionais da antropoloxía para aproximarnos a fenómenos relativamente recentes, como, por exemplo, a dixitalización. Neste contexto faise necesario facer unha chamada á experimentación etnográfica para tentar atopar novas formas de facer etnografía que permitan afrontar os novos desafíos.

É por isto que, seguindo a senda iniciada xa hai uns anos a prol da formación antropolóxica, pomos en marcha esta cuarta edición dos nosos seminarios con fin de avanzar nestas liñas e de pór ao dispor das persoas participantes coñecementos e exemplos prácticos de como a antropoloxía, a través da etnografía, pode achegar o seu coñecemento e utilidade á sociedade actual.

Os Seminarios Formativos da Agantro 2023 achegan o debate sobre a necesaria transformación dos modos de indagación antropolóxica na contemporaneidade. O desenvolvemento de modalidades de investigación dixital, a apertura cara a etnografías sensoriais ou a exploración da multimodalidade na representación antropolóxica veñen anovar a investigación etnográfica.

PROGRAMA

5 DE SETEMBRO – **Obradoiro de Experimentación Etnográfica**

Duración: 6 horas, de 10 a 13:30h e de 16 a 20h.

Lugar: Escola Enxeñaría Náutica, A Coruña.

Docentes: Adolfo Estalella, Departamento de Antropoloxía Social e Psicoloxía Social, Universidade Complutense de Madrid, e Isaac Marrero Guillamón, Departament d'Antropologia, Universitat de Barcelona.

6 DE OUTUBRO – **Obradoiro de autoetnografía feminista**

Duración: 3 horas, de 17:30 a 20:30h.

Lugar: Ateneo Ferrolán, Ferrol.

Docente: Olga Romasanta Iglesias, socia de Rexenerando S. Coop. Historiadora da arte especializada en facilitación de grupos e memoria colectiva.

13 DE OUTUBRO – **Obradoiro de escrita creativa**

Duración: 3 horas, de 17 a 20h.

Lugar: Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela.

Docente: Andrea Nunes Brións, poeta, mestra e activista transfeminista, pola diversidade sexual e corporal.

20 DE OUTUBRO – **Obradoiro: Auralidade e escoita etnográfica. A creación sonora no contexto da antropoloxía**

Duración: 3 horas, de 17 a 20h.

Lugar: Incipit, Santiago de Compostela.

Docente: Xoán-Xil López, investigador e artista sonoro.

A network diagram with nodes and connecting lines is overlaid on a light gray and white checkerboard background. The nodes are represented by circles of varying sizes and shades of teal and gray, connected by thin, light teal lines. The overall structure is a complex web of connections.

 **AGANTRO**
asociación galega de antropoloxía

